



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Modelos e métodos na lingüística actual		Código	613836001
Titulación	Mestrado Universitario en Lingüística Aplicada (2013)			
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Morales Lopez, Esperanza	Correo electrónico	e.morales.lopez@udc.es	
Profesorado	Alonso Ramos, Margarita Alvarez Caccamo, Celso Maria Morales Lopez, Esperanza	Correo electrónico	margarita.alonso@udc.es celso.alvarez.caccamo@udc.es e.morales.lopez@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>O obxecto desta materia é proporcionar ao estudantado unha visión das distintas vertentes e metodoloxías presentemente dominantes na investigación lingüística, ben como o treinar para o uso dalgúns dos instrumentos metodolóxicos básicos dentro dunha orientación específica. Concretamente, os obxectivos da materia son:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>(a) Coñecer as principais correntes teóricas sobre o estudo da linguaxe.</li><li>(b) Analizar e interpretar textos de teoría lingüística aplicando diferentes modelos teóricos.</li><li>(c) Diferenciar os principais modelos lingüísticos e a súa fundamentación epistemolóxica.</li><li>(d) Desenvolver habilidades para a análise crítica das liñas fundamentais no estudo das linguas desenvolvidas nos séculos XX e XXI.</li><li>(e) Coñecer as técnicas que integran a metodoloxía actual de investigación lingüística como parte do método científico.</li><li>(f) Adquirir as bases metodolóxicas, terminolóxicas e teóricas de procedementos de análises lingüísticas.</li></ul>			



<b>Plan de continxencia</b>	<p>1. Modificacións nos contidos Non se prevé alterar os contidos inicialmente previstos.</p> <p>2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen -Actividades iniciais -Lecturas -Traballo tutelado  *Metodoloxías docentes que se modifican As sesións maxistras e os seminarios desenvolveranse a través de Teams.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado. Utilizaranse as seguintes ferramentas: -Correo electrónico. Empregarase para formular pequenas consultas, programar titorías ou resolver dúbidas sobre as actividades marcadas polo profesorado. -Moodle. Empregarase, cando for necesario, para desenvolver os contidos teóricos da materia. -Teams. Empregarase para sesións maxistras, para as cuestións derivadas do desenvolvemento de contidos prácticos e para o acompañamento personalizado dos traballos tutelados e das diversas actividades.</p> <p>4. Modificacións na avaliación Deixan de ser pertinentes as puntuacións referidas ás sesións maxistras e ás actividades iniciais e depositase na elaboración do traballo tutelado o total da cualificación final. Esta metodoloxía asenta na elaboración dun traballo de contido lingüístico, consensuado co profesor ou coa profesora preferencialmente no inicio do cuadrimestre. Cada estudante ten de desenvolver un tema concreto, igualmente consensuado coa persoa responsábel da docencia. O traballo require seguimento por parte desta (orientación, recomendacións na bibliografía etc.). Valorizaranse os resultados obtidos, a clareza expositiva, a calidade da lingua e a capacidade de chegar a conclusións propias. *Observacións de avaliación: Mantéñense, no xeral, as mesmas directrices que as que figuran na Guía docente. Con todo, a data de entrega do traballo tutelado amplíase até coincidir coa data oficial do exame, aprobada no seu día pola Xunta da Facultade de Filoloxía. Para superar a materia, é necesario obter unha cualificación igual ou superior a 5 no traballo tutelado. A segunda oportunidade de nullo estará determinada polos mesmos condicionalismos que a de xuño.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Mantense a relación fundamental de referencias bibliográficas marcadas na Guía Docente. No entanto, tamén é preciso ponderarmos algunhas alteracións no tocante a outros aspectos da bibliografía: (i) As lecturas poderán ser mudadas por outras accesíbeis na rede ou dispoñibilizadas en Moodle. (ii) As recomendacións bibliográficas para os traballos tutelados poderán tamén ser mudadas por outras publicacións dispoñíbeis na rede ou en Moodle se o estudantado for incapaz de acceder ás iniciais. (iii) Se houber alumnas ou alumnos con dificultades para se conectaren, estudarase cada caso en particular de maneira a lles proporcionar, a través doutros medios, os materiais necesarios.</p>
-----------------------------	--

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A1	Coñecemento dos principios básicos, as técnicas fundamentais e algúns resultados destacados da investigación actual en lingüística.
A2	Capacidade para comprender a diversidade teórica e metodolóxica das escolas lingüísticas.
A3	Capacidade para distinguir e aplicar axeitadamente os distintos métodos de investigación en lingüística.



A4	Capacidade dos estudantes para aplicar a metodoloxía da lingüística baseada na análise de corpus lingüísticos.
A9	Capacidade para xestionar os recursos lingüísticos e a información lingüística para propósitos académicos e de investigación (identificación e acceso a bibliografía, utilización apropiada de recursos e equipamentos, utilización de tecnoloxía para rexistrar datos, manexo de bases de datos, etc.)
B1	Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación.
B2	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en ámbitos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
B3	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
B4	Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan? a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades.
B5	Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en boa medida autodirixido ou autónomo.
B6	Capacitación dos estudantes para que adquiren coñecementos lingüísticos especializados e habilidades para analizar criticamente as propostas máis relevantes no ámbito dos estudos lingüísticos.
B7	Adquisición dos fundamentos metodolóxicos e críticos que permitan aos estudantes acceder ao exercicio da actividade profesional cunha formación versátil e interdisciplinar.
B9	Capacidade dos estudantes para abrir vías de investigación novidosas no ámbito dos estudos lingüísticos, dotándoas de aplicación práctica para a súa transferencia a distintos ámbitos profesionais
B10	Capacidade dos estudantes para comprender as interrelacións pertinentes entre os diversos ámbitos de estudo que integran o máster.
C1	Expresión correcta, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C8	Valoración da importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe		
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título	
Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, frecuentemente nun contexto de investigación e, máis ao pormenor, nun contexto de investigación lingüística.	BI1	
Saber aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en ámbitos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.	BI2	
Integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e valorizacións.	BI3	
Habilitar estratexias de aprendizaxe que permitan ao alumnado continuar a estudar dun modo que haberá de ser en boa medida autodirixido ou autónomo.	BI5	
Adquirir coñecementos lingüísticos especializados e habilidades para analizar criticamente as propostas máis relevantes actuais no ámbito dos estudos lingüísticos.	BI6	
Adquirir os fundamentos metodolóxicos e críticos que permitan ao estudantado acceder ao exercicio da actividade profesional cunha formación versátil e interdisciplinar nos principais modelos teóricos da lingüística actual.	BI7	
Abrir vías de investigación innovadoras no ámbito dos estudos lingüísticos, dotándoas de aplicación práctica para a súa transferencia a distintos ámbitos profesionais.	BI9	
Comprender as interrelacións existentes entre os diversos ámbitos de estudo que integran o mestrado, nun produtivo exercicio de transversalidade entre as materias e os contidos leccionados.	BI10	
Comprender a diversidade teórica e metodolóxica das escolas lingüísticas, centrándose nos modelos formalistas e funcionalistas.	AI1 AI2 AI3	



Xestionar os recursos lingüísticos e a información lingüística para propósitos académicos e de investigación (identificación e acceso a bibliografía, utilización apropiada de recursos e equipamentos, utilización de tecnoloxía para rexistrar datos, manexo de bases de datos, uso de recursos na rede etc.).	AI9		
Aplicar a metodoloxía da lingüística baseada na análise de diferentes corpus lingüísticos.	AI4		
Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma (galego e español).			CM1
Pór en valor a enorme importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade, ben como, do punto de vista do individuo, a grande relevancia que posúe na súa realización persoal e laboral.		BI4	CM8

Contidos	
Temas	Subtemas
1. A Lingüística como disciplina científica	1.1. A complexidade do obxecto de estudo 1.2. A división en subdisciplinas lingüísticas
2. Ópticas no estudo da lingua e metodoloxías asociadas	2.1. A visión formal da lingua e as súas implicacións metodolóxicas 2.2. A visión comunicativa da lingua e os funcionalismos
3. Estudo dunha metodoloxía e as súas implicacións	Teoría e praxe da aplicación dun modelo teórico

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Lecturas	A1 A2 A3 B2 B3 B5 B7 B10	0	30	30
Sesión maxistral	A1 A2 A3 B1 B2 B5 B7	15	0	15
Traballos tutelados	A2 A4 A9 B2 B4 B6 B9 C8	0	40	40
Seminario	A9 B1 B3 B7 B10	5	0	5
Actividades iniciais	A2 A9 B1 B2 B3 B5 B10 C1 C8	10	40	50
Atención personalizada		10	0	10

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Lecturas	As lecturas, tanto as obrigatorias como as complementares, serven para o alumnado coñecer o estado da arte sobre un tema previamente marcado polo profesor ou profesora ou para aprofundar nalgún aspecto.
Sesión maxistral	Sesións expositivas dos contidos da materia obxecto de estudo. Servirán para introduciren e presentaren os diferentes temas do programa, proporen cuestión para debateren e estableceren as directrices para as diferentes actividades e tarefas do curso.
Traballos tutelados	Trátase dunha metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma do estudantado baixo a tutela do profesorado.
Seminario	Teñen como finalidade a supervisión do traballo do alumno ou da alumna no marco de grupos máis reducidos.
Actividades iniciais	As actividades serven para o profesorado saber, a través dun medio práctico, cal é o nivel de partida do estudantado. As actividades e prácticas que non foren iniciais teñen como principal meta que o alumnado aprofunde nun determinado tema ou aspecto dunha maneira eminentemente práctica, ben como que o estudantado aprofunde na análise de fenomenoloxías lingüísticas tamén dun modo fundamentalmente activo.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Traballos tutelados Seminario	Os traballos tutelados responden a una metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma do estudiantado baixo a tutela do profesorado. Por súa vez, o seminario implica, nun grupo máis reducido, a supervisión do traballo do alumno ou da alumna.  Noutra orde de cousas, poderanse adoptar as adaptaciónes oportunas para o estudiantado con modalidades específicas de aprendizaxe.
----------------------------------	--

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Actividades iniciais	A2 A9 B1 B2 B3 B5 B10 C1 C8	Outras actividades avaliábeis (comentarios, exercicios, lecturas etc.).	25
Traballos tutelados	A2 A4 A9 B2 B4 B6 B9 C8	Tarefas relacionadas con cada un dos blocos do programa.	60
Sesión maxistral	A1 A2 A3 B1 B2 B5 B7	Neste tipo de sesión terase en conta a asistencia e a participación.	15

Observacións avaliación
<p>Cuestións xerais:</p> <p>A. O alumnado terá de entregar os traballos e exercicios no prazo fixado, os cales deberán cumprir unha exixencias mínimas de corrección lingüística. A data da primeira entrega de exercicios será o 15 novembro e a da segunda entrega o 15 decembro.</p> <p>B. Na segunda oportunidade de xullo, o alumnado poderá presentar unha nova versión dos traballos que non obtivesen o nivel suficiente. No caso dunha cualificación insuficiente nas seccións relacionadas coa asistencia e coa participación, a cualificación do traballo constituirá 100% da final.</p> <p>C. O estudiantado con matrícula parcial e/ou dispensa académica deberá realizar e entregar as mesmas probas e exercicios que o restante. Se non puider asistir ás titorías, deberá pórse en contacto cos profesores a través do correo electrónico. Tamén terán de contactar co profesorado aquelas persoas cuxo horario laboral for incompatíbel co seguimento da materia, mais que non cumpriren as condicións para obteren a dispensa académica; após as pertinentes comprobacións, poderán ter condicións de avaliación equivalentes aos casos da dispensa académica.</p>

Fontes de información
-----------------------



<p><b>Bibliografía básica</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- (A) Dik, S. (1978). "Preliminaries", An introduction to functional grammar. Amsterdam: North Holland.</li> <li>- (A) García Gondar, F. / F. G. Rojo (2000). "A linguística no século XX", Revista Galega do Ensino, 28/2, 221-245.</li> <li>- (A) López García, Á. (1998). "La lingüística del siglo XXI: ¿hacia dónde se dirige la ciencia del lenguaje?". en Gallardo Paúls, B. (ed.), Temas de lingüística y gramática, Valencia, Universidad de Valencia, pp</li> <li>- (A) Mairal Usón, R. / F.J. Ruiz de Mendoza (2010). "La lingüística como ciencia cognitiva. Presupuestos metodológicos para una teoría del lenguaje",. en Mairal Usón, R. et al.. Teoría lingüística: Métodos, herramientas y paradigmas. Madrid: UNED/Edit</li> <li>- (A) Martín Vide, C. (1996). "Parámetros para la reflexión sobre el lenguaje humano: a modo de introducción?". n C. Martín Vide (ed.): Elementos de Lingüística. Barcelona: Octaedro, 11-26.</li> <li>- (A) Moreno Cabrera, J. C. (2018). Claves históricas de la lingüística actual. Madrid: Arco / Libros</li> <li>- (B) Alcaraz, E. (1990). Tres paradigmas de la investigación lingüística. Alcoy: Marfil.</li> <li>- (B) Butler, Christopher S. (2003). Structure and function: a guide to three major structural-functional theories. Amsterdam: John Benjamins.</li> <li>- (B) Cabré, M.T. / M. Lorente (2004). "Panorama de los paradigmas en lingüística?". Enciclopedia iberoamericana de Filosofía. Vol. Ciencias exactas, naturales y sociales, coordinado po</li> <li>- (B) Gil, J. M. (2001). Introducción a las teorías lingüísticas del siglo XX. . Santiago de Chile: RIL editores.</li> <li>- (B) Mairal Usón, R. et al. (2010). Teoría lingüística: Métodos, herramientas y paradigmas.. Madrid: UNED/Editorial Ramón Areces.</li> <li>- (B) Heine, B. / H. Narrog (eds.) (2010). The Oxford handbook of linguistic analysis. Oxford: Oxford University Press.</li> <li>- (B) Ramallo, F. et al. (2000). Manual de Ciencias da Linguaxe. Vigo: Xerais</li> <li>- (B) Sánchez de Zavala, V. (1982). Funcionalismo estructural y generativismo. Madrid: Alianza.</li> <li>- (C) Báez San José, V. (1988). Fundamentos Críticos de la Gramática de Dependencias. Madrid: Síntesis.</li> <li>- (C) Butler, C. et al. (1988). Nuevas perspectivas en gramática funcional.. Barcelona: Ariel.</li> <li>- (C) Calsamiglia Blancafort, H. &amp; A. Tusón (2012). Las cosas del decir. Manual de análisis del discurso. Barcelona: Ariel.</li> <li>- (C) Eggins, S. (2004). An introduction to systemic functional linguistics.. New York: Continuum.</li> <li>- (C) Escandell, V. (1996). Introducción a la pragmática.. Barcelona. Ariel.</li> <li>- (C) Herrero Cedilla, J. (2006). Teorías de pragmática, de lingüística textual y de análisis del discurso. Cuenca. Universidad de Castilla-La Mancha.</li> <li>- (C) Ibarretxe-Antuñano, I. / J. Valenzuela (dirs.) (2012). Lingüística Cognitiva.. Barcelona: Anthropos.</li> <li>- (C) Machin, D. &amp; Andrea M. (2012). How to do Critical Discourse Analysis. Londres. Sage.</li> <li>- (C) Moreno Fernández, F. (2012). Sociolingüística cognitiva. Propositiones, escolios y debates. Madrid: Iberoamericana.</li> <li>- (C) Ruiz Antón, J. C. (1998). Curso de tipología lingüística. Enfoque funcional. Castelló de la Plana: Publicacions de la Universitat Jaume I.</li> <li>- (C) Silva, A. Soares da. (org.) (2001). Linguagem e Cognição. A Perspectiva da Linguística Cognitiva. Braga: Ass. Portuguesa de Linguística &amp; Universidade Católica Portuguesa.</li> </ul>
<p><b>Bibliografía complementaria</b></p>	<p>Lexenda: (A) Introducións, (B) Presentacións xerais, (C) Bibliografía específica.</p>

**Recomendacións**

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

**Observacións**



(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías